

PRÁCTICA EXTRACCIÓN DE ADN

OBXECTIVO

Extraer o ADN dunha mostra vexetal.

FUNDAMENTO

A extracción de ADN require unha serie de etapas básicas:

1º.- Ten que romperse a parede celular e a membrana plasmática para poder acceder ao núcleo da célula. A continuación, debe romperse tamén a membrana nuclear para deixar libre o ADN. Os xabóns utilizados como lavalouza emulsionan os lípidos das membranas celulares e rómpenas.

.2º.- O sal evita a unión das proteínas ao ADN.

3º.- Para illar o ADN hai que facer que precipite en alcohol. O ADN é soluble en agua, pero cando se atopa en alcohol desenróllase e precipita na interfase entre o alcohol e a agua. Ademais de permitirmos ver o ADN, o alcohol separa o ADN doutros compoñentes celulares, os cales quedan na solución acuosa.

MATERIAL

- amorodos
- auga destilada
- sal
- deterxente lavalouza
- alcohol 96º moi frío
- xiringas (5 mL)
- bastoncíño
- variña de vidro/culler pequena
- tubo de ensaio
- bolsa plástica
- vasos de precipitados
- probeta
- coador



PROCEDEMENTO

1. Prepara a **solución de extracción**:
 - 10 mL lavalouzas
 - 2 chiscos de sal grosso (1g aprox.)
 - 90 mL de auga
2. Introduce o amorodo nunha bolsa.
3. Engade 20 mL de solución de extracción.
4. Machuca o amorodo cos dedos (5 minutos).
5. Filtra o homoxeneizado.
6. Engade etanol frío, deixándoo caer pouco a pouco pola parede do bote. O alcohol quedará flotando sobre a mestura.
7. Deixa repousar durante uns 3 minutos ata que se forme unha zona turbia entre as dúas capas. Observarás que vai subindo, ao misturarse co alcohol, unha maraña de fíos brancos: **é o ADN do amorodo!**
8. Recolle o ADN co bastoncillo.

